



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



**LIVINGRIVER**  
CARING AND PROTECTING THE LIFE AND  
CULTURE AROUND RIVERS AND STREAMS

# NEWSLETTER #2



Photo by: Fins Eirexas

O Segundo encontro de socios/as do proxecto LivingRiver celebrouse en Santiago de Compostela, Galiza nos días 15 e 16 de Maio, organizado pola Asociación Ecoloxista ADEGA.

## NESTE NÚMERO

1. Presentación dos socios/os de Galicia.....	2
2. Recursos e metodoloxías científicas.....	3
3. Segundo encontro de socios/os.....	5
4. Presentación do proxecto en eventos nacionais e transnacionais.....	6
5. Novas.....	9
6. Recursos.....	15



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## Coñece os Socios/as da Galiza

### IES Ribeira de Louro


O IES Ribeira do (IESRdL) é unha escola de educación secundaria que imparte a educación secundaria xeral, curso de formación profesional e educación secundaria para adultos ademais dalgúns cursos específicos como: Cursos de formación de nivel avanzado en comercio internacional, xestión administrativa e financeira e sistemas de telecomunicacións e tecnoloxías da información. Conta con aproximadamente 700 alumnos/as e 80 docentes



A escola ten unha ampla experiencia na implementación de proxectos de estudos e mobilidade Europeos. IES RdL participou tanto como promotor, coordinador ou socio, en diferentes proxectos baixo o Programa de ensinanza Lifelong, nos programas

Leonardo da Vinci e Sócrates, Interreg e outro proxectos nacionais. Ademais, IES RdL participou en proxectos de mobilidade dende 1996, tanto como organización anfitroia e como visitante. Realizou máis de 400 prácticas de estudantes e profesores no marco do programa de aprendizaxe permanente e proxectos de mobilidade do goberno rexional. IESRdl participou tamén en un Interreg III en 2001/2004 – PPIER.

### Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)



ADEGA é unha asociación para a defensa do medioambiente de Galiza, independente se ánimo e lucro.

ADEGA é a asociación de defensa ambiental máis activa e con maior implantación do noso país, cunha experiencia de traballo de máis de 40 anos. Centrou o seu traballo en Galicia sen por iso deixar de ter unha visión global da problemática ambiental e de exercer na medida das posibilidades a solidariedade coas loitas ambientalistas doutros pobos.

ADEGA forma parte da Federación Ecoloxista Galega e da Ofician Europea de Medioambiente.

As primeiras accións para a constitución de ADEGA tiveron lugar a comezos do ano 1974, aínda que a Asociación non sería legalizada até xuño do 76.

**Obxectivos:** Defensa e concienciación

**Misión:** Defensa ecolóxica de Galiza

**Ámbito de traballo:** reivindicación e educación ambiental.

**Tipo de actividades:** Voluntariado, Educación ambiental, campañas de sensibilización social, Divulgación, Actividades de educación e difusión.



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## METODOLOXÍA CIENTÍFICA

Os pequenos regatos constitúen a maior parte da rede fluvial (~85% da rede fluvial). En áreas forestais estes cursos de auga están frecuentemente rodeados polas árbores que, coa súa frondosidade, proporcionan sombra ao río.



Fig. 1. Regato de Candal Serra da Lousã, Portugal. Photo credit: Ricardo Oliveira

Con pouca luz dispoñible, a vida acuática precisa recorrer as follas das árbores circundantes como fonte de nutrientes e enerxía (Fig.2) A degradación das follas e a incorporación dunha rede de alimento (Fig.3) é crucial para os servizos que ofrecen ao ser humano estes ríos incluíndo a calidade da auga.



Fig. 2. Acumúlos de follas nas beiras do río. Photo credit: Ana Lúcia Gonçalves

A presenza de perturbacións (frecuentemente causadas polo ser humano) afecta as características fisicoquímicas da auga e/ou dos organismos responsables da descomposición de esas follas, a saúde ecolóxica dos regatos é diminuída.



Fig. 3. Invertebrados acuáticos comendo follas de carballo. Photo credit: Edivan Almeida Junior

Baseada en traballos científicos previos, o CFE-Freshwater Laboratorio de Ecoloxía (Universidade de Coimbra, Portugal) creou un cómic (Fig.4) que amosa o protocolo: “Bolsa de Lixo” este enfoque utilizouse dende fai moito tempo, por científicos en todo o mundo para entender a funcionalidade dos regatos e a súa integridade ecolóxica. A comprensión da descomposición das follas pode ser visualizado polos estudantes de secundaria e a comunidade en xeral para “sentir” o que está acontecer nos “seus” ríos.

As actividades detalladas, que precisarán un exercicio activo de cidadanía, serán propostas e discutidas co profesorado nun futuro curso que se celebrará en Coimbra, o próximo mes de outubro.




Fig 4. Portada do folleto da técnica “Bolsa de lixo”



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## Os ríos, Axentes históricos

O ríos son “axentes da historia”. Lugares e paisaxes, cultura, tecnoloxía, literatura e



Fig. 1. Mapa do río Mondego de Coimbra en *Figura da Foz* (Portugal) [1790-1814]. Francisco António Ciera. Image credit: Biblioteca Nacional de Portugal (D. 275 A.)

música foron construídos ao redor dos ríos, nunha relación natural entre o ser humano e o aproveitamento dos mesmos para como recurso natural. O ríos tamén actúan como unha poderosa fonte natural de vida e destrución. As súas marxes e os seus leitos sempre foron lugares de culto e de construción filosófica, unindo e separando a humanidade.




Fig.2. Postal de un lavadoiro no río Mondego, en Coimbra

A través da comprensión histórica podemos coñecer mellor as formas coas que as

comunidades se relacionaban cos ríos e as súas áreas de múltiples maneiras. É moi importante saber como os ríos afectan actualmente nas nosas rías - cultural, económica e socialmente- o mesmo tempo de como as nosas accións cambiaron o seus cursos. Estas investigacións crean novos coñecementos, pero isto tamén sensibiliza e fainos mais conscientes da urxencia e da maneira na que podemos cambiar o rumbo das nosas accións.

O proceso comeza cun tema o período, no que cada investigador fai unhas preguntas específicas. En calidade de obter respostas, hai que atopar evidencias nas que basear a nosa narración, creando así un conxunto de argumentos racionais e lóxicos.



Fig. 3. Un tipo de bote “barca serrana”, específico do río Mondego para festividades [mid 20<sup>th</sup> century]. Photo credit: Varela Pécurto. Arquivo Fotográfico Digital from Biblioteca Municipal de Penacova

Esto significa que hai que seguir un tipo de normas específicas no que se trata a investigación histórica, baseada en diferentes métodos que poden ser máis ou menos adecuados para o seu período ou tema. Como toda investigación histórica, debemos mirar cara as fontes históricas para comprender o pasado e realizar unha narrativa, despois de lelas e contrastalas dunha maneira crítica. Estas fontes poden incluír diferentes orixes como: cartas, periódicos, rexistros administrativos e institucionais, revistas, fotografías, pinturas, postais, mapas, poemas, música, testemuñas orais, folclore diferentes artiluxios entre moitas outras cousas.




Fig. 4. Lavadoiro en Coimbra (Portugal) [1900-1902]. J.C.Cunha Morais. Image credit: Torre do Tombo. Centro Português de Fotografia.

A investigación histórica abarca un proceso polo que os investigadores usan diferentes métodos cando estudan un aspecto da historia



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



**LIVINGRIVER**  
CARING AND PROTECTING THE LIFE AND  
CULTURE AROUND RIVERS AND STREAMS

## SECOND TRANSNATIONAL PARTNERS MEETING

O segundo encontro transnacional de compañeiros/as do proxecto do LivingRiver tivo lugar en Santiago de Compostela, Galicia (España) o 15 e 16 de Maio organizado pola Asociación Ecoloxista ADEGA.



Durante o segundo encontro os participantes puideron debater acerca das metodoloxías científicas que están sendo adaptadas para o proxecto e preparadas para o curso de Profesorado que será o próximo Outubro do 2019. Tamén, cos compañeiros/as faláron da importancia dunha boa distribución aclarando o que se debe facer para que, como resultado do proxecto, a

información chegue a un amplo e variado conxunto de persoas. Este encontro foi o lugar onde clarificar o tipo de involucración e participación das escolas e profesorado no proxecto.

Tamén neste *meeting*, tiveron a oportunidade de gozar das comidas de Galicia e do folclore, tamén é importante coñecer as diferentes culturas, coñecerse uns aos outros para traballar xuntos e facer un traballo mellor.

Este proxecto, que comezou en Setembro de 2018, esperase que dure 3 anos. En Outubro do 2019 terá lugar o primeiro Curso de formación de Profesorado, organizado en Coimbra pola Universidade Nova de Lisboa e a Universidade de Coimbra. Este será un gran paso para o proxecto.





Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## PRESENTACIÓN DO PROXECTO EN EVENTOS NACIONAIS E INTERNACIONAIS.

### V Congreso Internacional de Educación Medioambiental de Países e Comunidades de fala Portuguesa. I

O Proxecto LivingRiver foi presentado no 5º Congreso de Educación Ambiental de Países e Comunidades de fala Portuguesa e Galicia o 15 de Abril do 2019 en Bijagós-Guinea-Bissau. Onde estiveron presentes educadores, profesorado, membros de ONGs e membros do Goberno.



### ObservaRia



### ObservaRia

O Proxecto de Living River foi presentado no stand de ASPEA na segunda edición do Festival ObservaRia, en Estarreja, Aveiro. Durante tres días que durou o festival se presentáronse estudantes, e profesores, membros de diferentes autoridades locais e membros de ONGs.



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## "Bicicleta e Scooter nun ambiente limpo" II Edición

O 7 de Xuño na Axencia Metropolitana organizou un concurso para alumnos/as para primaria co tema “Bicicleta e Scooter nun Ambiente limpo”. Con esta actividade, os alumando coñecerá o proxecto LivingRiver: o seu propósito, os obxectivos e actividades e así sensibilízalos sobre a importancia dos recursos de auga doce do planeta.



## Observa Estrela

Entre o 28 e 30 de Xuño ASPEA presentou no Festival “Observa Estrela” o proxecto LivingRiver. Os paneis informativos estiveron expostos no stand divulgativo de ASPEA.





Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



**LIVING RIVER**  
CARING AND PROTECTING THE LIFE AND  
CULTURE AROUND RIVERS AND STREAMS

## O XV encontro de Voluntariado de Proxecto Ríos

O 6 de Xullo tivo lugar o XV encontro de Voluntarios do Proxecto Ríos que se realizou en Lobios, Ourense, un pequeno pobo rodeado por preciosas montañas.

A proposta de organizar este tipo de encontros foi para darlle voz aos voluntariado e as diferentes asociacións que participan no “Proxecto Ríos”.

Realizouse un “Bioblitz”, un roteiro ao redor dos ríos onde non soamente demos un paseo se non que tamén estivemos descubrindo fauna e flora deste río.

Despois da comida, a Asociación CITRAN amosáronos como con animais (cabalos e burros), poden limpar os nosos montes de Especies Exóticas Invasoras dunha maneira máis ecolóxica que utilizando tractores.







Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union




## NOVAS

### Obradoiros “Visión dun regato”



En Maio 22 (2019) o Laboratorio de Ecoloxía de Auga Doce (FreE)- Centro de Ecoloxía Funcional de Coimbra foi invitado á biblioteca Municipal en Figueira de Foz para colaborar no Programa “Bandeira Azul 2019”. O laboratorio *FreE* desenvolveu obradoiros baixo o tema “Visión dun regato” con grupos de estudantes de secundaria da escola de Educación Secundaria Cristina Torres, Figueira da Foz, Portugal.



O principal obxectivo é pórse en contacto coa vida oculta dos regatos, entendendo as súas interaccións e a importancia do mantemento da boa calidade da auga que a nosa maior meta.

As actividades incluíronse no ámbito do proxecto internacional “LivingRiver- Coidar e protexer a vida e cultura ao redor dos ríos e regatos” e do proxecto Portugués “RENATURA- Valorización dos recursos naturais da Rexión do Centro (CENTRO-01-0145-FEDER-000007).”

### “Construímos un regato”

O 24 de Maio do 2019 o Laboratorio de Ecoloxía de Auga Doce (FreE)- Centro de Ecoloxía Funcional da Universidade Coimbra inscribiuse en diferentes actividades de auga doce, con estudantes de escolas de primaria, en Rómulo- Centro de Ciencias da Vida da Universidade de Coimbra de Portugal. A construción dun prototipo dun regato funcional era o noso propósito

A Actividade “Construímos un regato” desenvolveuse no obxecto do proxecto “LivingRiver- Coidar e protexer a vida e cultura ao redor dos ríos e regatos” e do proxecto Portugués “RENATURA- Valorización dos recursos naturais da Rexión do Centro (CENTRO-01-0145-FEDER-000007)”.





Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



### Campaña de Primavera

A finais do mes de Maio do 2019, A administración da Auga da Bacía do Olt levou a cabo unha recollida de lixo despois das inundacións. A cantidade de residuos foi producida polas choivas torrenciais que se produciran na tempada anterior.

A actividade tivo lugar na cidade de Comăna en Braşov Na bacía hidrográfica de Olt.



### Campaña de Primavera do Proxecto Ríos



O 15 de Xuño o Proxecto Ríos realizou a Campaña de Primavera. Nesta campaña, participaron aproximadamente 30 entidades.

É moi importante debido a que esas entidades dan información acerca dos Ríos Galegos, deixándonos coñecer a calidade e saúde dos mesmos

Para máis información podes consultar na nosa website: <http://proxectorios.org/>

### Pequeno vídeo dos 10 anos do Proxecto Ríos



[https://www.youtube.com/watch?v=7WuJn\\_JnFmg](https://www.youtube.com/watch?v=7WuJn_JnFmg)



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



### “Que ensucia un río?”

Entre o 17-21 de Xuño do 2019 houbo un programa de formación de profesorado en servizo da Universidade de Balikesir.

A Dr. Burcu Güngör e 50 profesores/As de bioloxía deseñaron e puxeron en práctica actividades sobre os ecosistemas acuáticos. Comezaron a pensar acerca da súa pegada nas augas coas súas actividades diarias.



### “O instituto D. Duarte ( Coimbra) será un integrante das escolas asociadas ao traballo en rede do proxecto do LivingRiver”

O grupo de ASPEA reuniuse co profesorado dunhas das escolas asociadas ao proxecto, ao instituto D.Duarte de Coimbra, presentóuselle o proxecto e faláron acerca do traballo que desenvolveran cos estudantes. Tamén , se cotexou co traballo de identificación do regato que van adoptar, visitando algúns regatos próximos a escola.





Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union




**LIVINGRIVER**  
CARING AND PROTECTING THE LIFE AND  
CULTURE AROUND RIVERS AND STREAMS

## “Proxecto Ríos foi presentado nun programa de radio, “ContaSatélite”, por Luisa Schmidt”

O 8 de maio ,no programa Portugués de radio “Conta Satélite” por Luisa Schmidt foi presentado o “Proxecto Ríos”.

Fíxose unha breve presentación do proxecto, subliñando a importancia da conservación dos ríos e o papel fundamental da cidadanía.



## Obradoiro sobre estratexias de Historia Oral.

No pasado 16 de Abril o grupo de investigadores (Maria Fernanda Rollo, Filipe Silva, Luisa Seixas e Inês Castaño) do programa “Memoria para todos” (Nova-FSH) que traballan no proxecto LivingRiver guiaron un taller obradoiro sobre estratexias de historia oral e compromiso público tomando como exemplo algúns dos procesos e procedementos que se están a desenvolver dentro do proxecto Living River. O obradoiro integrado o V congreso internacional sobre educación ambiental, que tivo lugar en Bubaque, Guiné-Bissau.

A actividade centrouse nas experiencias dalgúns proxectos que tratan a memoria local e comunitaria como unha importante fonte de coñecemento para a paisaxe e a biodiversidade, No obradoiro participaron un grupo de 10 participantes de diferentes áreas interprofesionais que cuestionaron e debateron activamente algún dos temas abordados, sobre as súas propias experiencias e posibles áreas de intervención.



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## Sendeirismo no Río Louro



O venres 29 de Marzo do 2019 o curso de 3º da ESO, estudantes do instituto, acompañados polos profesorado dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, foron a unha excursión polo río Louro, para coñecer máis a ribeira que dá nome á escola. A saída consistiu nun roteiro pola beira do río identificando a diferentes especies de flora e fauna que alí se atopaban. A excursión durou toda a xornada escolar.

Comezamos no Hostal de Peregrinos de Porriño, fixemos unha ruta circular a cal rematou preto do campo de fútbol de Lourambal. O itinerario levounos ao longo das dúas beiras do río antes de afastarnos de el.

Este río foi intervindo moitas veces pola humanidade. Esguese o Pazo de Borbén, onde o ser humano fixo estruturas, dende pontes ate fosos para defensa, que poden ser facilmente identificados. Ao longo do camiño podemos atopar varios bancos onde poder descansar durante o percorrido e pontes de madeira para poder pasar dun lado a outro con facilidade, tamén atopamos paneis informativos que nos falan das diferentes especies autóctonas comúns na beira do río e parques próximos.

Ademais familiarizámonos coa flora e fauna alí presente, por exemplo as árbores non autóctonas como o eucalipto o Carrizo (*Arundo donax*) e especies arbores autóctonas xunto cos seus usos, como o uso do interior do Sabugueiro para a limpeza de cristais. Tamén familiarizámonos con fauna dos ríos como os seus patos a algunhas especies de aves que constrúen o seus niños nas árbores de ribeira. Por suposto tivemos a oportunidade de ver moitas cousas das que nos ensinaron na escola como os concas dos ríos.



Foi moi interesante e relaxante a excursión a cal nos amosaron o precioso que é o río coa súa vexetación tan exuberante e da que tanto podemos aprender.



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## A primeira Limpeza Simultánea de ríos realizouse no 2008

O principal obxectivo de esta actividade é amosar a cidadanía de a pé, cando, como, e o máis importante, que tipo de limpeza teremos que aplicar nos nosos ríos. 4 anos atrás o Proxecto Ríos nacía de man de ADEGA co obxectivo de difundir os valores dos ecosistemas fluviais, contribuíndo así a “ciencia cidadá” e o estudio da conservación.

Mediante diferentes ferramentas de participación social (educación, voluntariado, custodia do territorio, etc.) a intención é aumentar a ciencia cidadá e crear iniciativas de conservación para os regatos de Galicia. Dende 2008, o Proxecto Ríos sempre levou a cabo unha Limpeza Simultánea de Ríos, esta limpeza realizase todos os anos a finais do mes de Setembro. T

### O Proxecto Ríos

No ano 2004 nace o Proxecto Ríos como resultado colateral da Iniciativa Lexislativa Popular para Defensa do Ríos, unha iniciativa que recolleu 40.000 sinaturas e foi aprobada por unanimidade no parlamento.

A ILP pretendía impedir a construción de novas minicentrales na Galiza dos mil ríos, xa daquela convertida na Galiza saturada de encoros. A ILP precisamente contemplaba a creación dun programa de educación ambiental que promoverá unha nova conciencia sobre os ecosistemas fluviais que daquela servían para pouco máis que verter as augas residuais e construír encoros. Promover en definitiva unha Nova Cultura da Auga.



### As “limpezas” que queremos e as que non queremos.

Unha das actuacións que non se contemplaban nos primeiros tempos era realizar limpeza de ríos coa intención de escapar daquelas actividades máis típicas e tóxicas que se poden esperar do movemento ecoloxista. Porén, a realidade é teimuda e dalgúns dos grupos que participaban no Proxecto Ríos, así como doutros que nos remitían información, comezouse a recibir numerosas novas de “Limpezas de ríos” que se estaban a desenvolver. Limpezas de ríos que a golpe de motoserra acababan con tanta árbore seca había na ribeira do río. Ou limpeza de ríos que, logo do paso de varias desbrozadoras, deixaban o ecosistema fluvial como un xardín inglés. “Limpezas de río” en época de cría de fauna silvestre. Tampouco eran poucas as mensaxes de numerosos concellos que propoñían estas “limpezas” nos ríos sucios do seu municipio. A suciedade non eran os plásticos ou os electrodomésticos no río, era novamente limpar, retirar a biodiversidade vizosa que medraba nos ríos.

Neste contexto, foi cando se decidiu mudar de idea e propor unha limpeza simultánea de ríos que re-encamiñase esa idea do que é un río (e todas esas ganas e enerxías de moitas persoas e colectivos) e tamén esa idea do que debe ser unha limpeza de río.

En definitiva, unha vez máis afondar nunha nova cultura da auga. O obxectivo das limpeza que queremos é achegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza. O máis importante deste día de limpeza simultánea é o labor de concienciación social que entre todos e todas realizamos. Axuda a manter un bo estado de conservación nos nosos ecosistemas fluviais facéndolle ver á cidadanía que as pequenas accións valen moito. Non é un obxectivo da actividade acadar milleiros de toneladas de lixo recollido, nin de persoas voluntarias, a finalidade é amosar como se pode e debe facer unha limpeza de ríos.

### A primeira Limpeza simultánea de ríos

Convocase entón no 2008 unha primeira Limpeza simultánea de ríos que pretende mostrar como, cando, etc., se debe facer unha limpeza de ríos. Edítase entón un Protocolo de Limpeza de Ríos que vai chegar a todos aqueles colectivos que vaian participar na limpeza simultánea anual organizada polo Proxecto Ríos ou aquelas limpeza que queira realizar calquera outra entidade (concellos, asociacións, pescadores, etc.).



Incídese no Protocolo na época idónea. É importante ter en conta a época na que se vai realizar a limpeza. O río é un ecosistema complexo que acolle multitude de especies diferentes de fauna e flora, desde minúsculos invertebrados e peixes até grandes aves, como a garza, ou mamíferos, como a lontra. Deberase, xa que logo, tentar causar as menores

molestias aos habitantes do río. A primavera e o comezo do verán é a época na que cría a maior parte da fauna, polo que é recomendábel facer a limpeza entre agosto e outubro, cando por outra banda os ríos levan menos auga e facilitan o traballo de limpeza realizado polo voluntariado, evitando así problemas. Unha das consecuencias que pode ter unha limpeza de ríos non debidamente organizada é converter o lixo disperso polo ríos nun vertedoiro. Téñense dado casos de limpeza que retiran lixo de ríos que se acumula na beira deste ao rematar de traballar. Ese lixo, se se dá o caso de non recollelo, acaba facendo de “efecto chamada” e acábanse levando alí máis residuos. Por este motivo e outros propóñense no Protocolo de limpeza de ríos unha serie de pasos e elementos a ter en conta.

### Maleza nos ríos?

Limpar un río é retirar residuos ou obxecto alleos a el. Expresións como “o río está sucio” ou “a maleza invadiu o río” referidas a vexetación que medra no río son moi desafortunadas e mostran a actual desalfabetización ambiental. Os ríos galegos son ecosistemas sumamente diversos e vizosos e a vexetación que medra neles ten a súa función e importancia. Limpar un



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



río significa retirar obxectos inertes alleos a este. As plantas das beiras e do interior ou as follas do leito do río e mesmo as ramas e madeira morta son a base enerxética dos nosos ríos. Conservar esta cobertura vexetal é fundamental para a dinámica do río e para manter aos animais que forman a base da cadea trófica nos ríos, e mesmo para dar sombra e evitar que se quente a auga excesivamente. Unha árbore seca na beira dun río non é un residuo: pode ser o pousadeiro habitual dun picapeixes, refuxio de morcegos... Se fai de presa e causa problemas nos terreos próximos (inundacións, desterroos, etc.), debemos asesorarnos e solicitar permiso para a súa retirada.

Porén, se non está a causar ningún estrago nas fincas próximas débese pensar que é un elemento máis do ecosistema fluvial. Facer unha limpeza non implica deixar a ribeira como un xardín inglés ou un campo de golf. Entre a vexetación das beiras aniñan moitas aves e viven multitude de especies, entre elas o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*). Como o seu propio nome indica, este fermoso réptil ten o seu “fogar” entre as silveiras, iso que nós chamamos maleza. Antes de cortar un silveiral, pensa no lagarto das silvas e nas outras especies: facer un pequeno carreiro pode ser suficiente.

### **Dez anos (+1) de limpeza de ríos**

Nestes once anos de limpeza de río teñen participado numerosas asociacións e concellos. Co apoio, promoción e permisos das entidades de bacía: Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil. En total, e segundo os rexistros realizados ano tras ano, participaron 5.946 persoas e retiráronse máis de 106 toneladas de lixo dos nosos ríos.

Todos os anos participan, en moito casos, as mesmas entidades nos mesmos concellos, polo que podemos falar de que a actividade de limpeza está consolidada como una acción anual que desenvolven diferentes asociacións e concellos. En total e contabilizando os diferentes anos, realizouse, polo menos unha vez, a limpeza de ríos en 77 concellos, que é a cuarta parte de todos os concellos de Galiza; e participaron un total de 105 entidades en máis de 100 ríos.

Porén, máis que moitos números quizais sexa importante destacar que se ben os ríos non están libres de problemas (outros novos os ameazan) nin deixan de ser os receptores de lixo, na actualidade en cursos fluviais nos que durante estes anos se realizou a limpeza de ríos, constátase que non se están a emporcar de novo. Moito do lixo retirado é lixo que ben de vello, en moitos casos un auténtico reflexo da arqueoloxía doutros tempos. Motivo que podería indicar que tarefas como estas e outras semellantes van no bo camiño e están a incrementar a conciencia ambiental da cidadanía.

### **A última Limpeza simultánea: 2018**

A sociedade galega volveu en 2018 a mollarse polos ríos. O domingo 30 de setembro, centos de persoas saíron aos ríos galegos a retirar os residuos que foron atopando, unha actividade de concienciación para a cidadanía sobre a necesidade de manter limpos os nosos cursos fluviais.






Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## RECURSOS

### Corto do “RÍO MONDEGO”



Este vídeo é unha boa inspiración para o traballo que será desenvolto polos estudante para o concurso de cortos que acontecerá o vindeiro curso escolar 2019/2020.

“Este corto obtivo os seguintes premios: Premio semente de ciencias Especiais na Gala Ciencia do 2012, Primeiro premio na categoría Natureza e Vida Salvaxe no Festival de Cine Arrábida, Primeiro premio

na categoría Lusofónia-Paronama Reigional en CineEco, Terceiro premio na categoría Destyeocumentary, no Festival de Curtas Metragens de Faro, finalista no Festival de Cine de Madeira Transmitido polo SIC, Portugal cun 31% de audiencia, Exposición no Cumio RIO + 20, Conferencia das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sostible, Río de Xaneiro 2012, que representa a biodiversidade portuguesa .”

Proxecto Fin de Máster en Produción Documental de Fauna Salvaxe pola Universidade de Salford. Rodado en Portugal durante maio / xuño de 2011. Unha viaxe pola fauna salvaxe do río Mondego dende as montañas ata o mar.

<https://vimeo.com/31170389>

## Xogo interactivo

Pon a proba o teu coñecemento acerca do ríos Europeos neste xogo online.

[https://www.geogra.ro/joc/europa\\_rauri/index.php](https://www.geogra.ro/joc/europa_rauri/index.php)

Unde sa află: Guadalquivir

37% 01.61

Restart

**Jocuri geografice**

- România**
  - Județele României
  - Orașe reședință de județ
  - Râurile României
  - Subunități de relief
  - Unități majore de relief
  - Râurile României v2
- Europa**
  - Statele Europei v2
  - Capitale Europene
  - Râurile Europei
  - Munții Europei
  - Podișurile Europei
  - Câmpiile Europei
  - Insule și peninsule
  - Mări, golfuli și strâmtoari
- Lumea**
  - Continente și oceane
  - Linii geografice
- Produse**
  - Harta Europei
  - Harta României
  - Valea Vaserului – Hartă turistică
- Magazin**
  - Magazin



Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



### A auga e vida, Protexámola!!!

A auga limpar e indispensable para un medioambiente saudábel. A maneira na que o utilizamos, polución e cambio climático están afectando este precioso recurso. Aquí presentamos un pequeno vídeo da Axencia Europea de Medioambiente.

European Environment Agency



[https://www.youtube.com/watch?v=7S74zx\\_ebvw](https://www.youtube.com/watch?v=7S74zx_ebvw)

### Feitos sobre o abastecemento e uso global da auga.



<https://www.youtube.com/watch?v=fqPGCphSi0s>